

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A situación xerada pola evolución do Coronavirus COVID-19 supuxo a adopción de unha serie de medidas de contención extraordinarias polas autoridades de saúde pública, que inclúen, entre outras, o peche de centros educativos e de maiores. Adicionalmente, requírese a adopción doutras medidas que aúnen a protección da saúde da veciñanza, e a tal efecto, en exercicio das competencias outorgadas a esta Alcaldía polo art. 21.1. s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Régime Local,

### DISPOÑO

**PRIMEIRO.** A suspensión das actividades das escolas deportivas e das escolas musicais municipais.

**SEGUNDO.** A suspensión dos actos previstos polo Concello con motivo do 8M, Día Internacional da Muller, en concreto:

- A obra de teatro “Tabú” prevista para o domingo 15 de marzo.
- A celebración da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero, convocada para o vindeiro 24 de marzo.
- A proxección do documental “Todas as mulleres que coñezo” que se ía celebrar o 27 de marzo.

En Viana do Bolo, a 13 de marzo de 2020.

O Alcalde, Secundino Fernández Fernández.

Perante min. A Secretaria. Clara Ortega Fernández.

Asinado dixitalmente á marxe.

---

**Concello de Viana do Bolo**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

